



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: Nomeamento de 2 peóns para o programa de Mantemento e acondicionamento municipal e de zonas naturais. Subvencionado pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, convocatoria se subvencións a entidades locais para contratación temporal de persoas perceptoras da Risga.

Núm. Admvo. Expte.: 2024/E001/000006

Expte. Decreto Núm.: 2024/G003/000435

A Xefatura Territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración comunicou a este concello a resolución de concesión dunha subvención por importe de 23.786,64 € para a contratación de 2 persoas a tempo completo por un período de 9 meses, para a ocupación de peón/peoa, co obxecto: Mantemento e acondicionamento municipal e de zonas naturais, empregando a modalidade de contrato vinculado a políticas activas de emprego, ao abeiro da Orde do 27/12/2023 da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga) para o ano 2024.

Por Resolución de Alcaldía núm. 371/2024, de data do 27/05/2024 aprobáronse as bases para a contratación laboral temporal de 2 persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia, para a realización do servizo de Mantemento e acondicionamento municipal e de zonas naturais, previa preselección realizada pola oficina de emprego de Carballo; subvencionado pola dita Orde do 27/12/2023 da Consellería de Promoción do Emprego.

Posteriormente, tramitouse a oferta para estes postos de traballo na oficina do Servizo Público de Emprego de Carballo; remitindo esta oficina a relación de candidatos preseleccionados para o dito posto (oferta núm. 12-2024-5321).

Por Resolución de Alcaldía núm. 381/2024, de 04/06/2024, aprobouse a lista provisional de admitidos e excluídos á mencionada convocatoria, elevándose á definitiva por non haber aspirantes excluídos/as.

Vista a acta de selección do tribunal reunido o día 06/06/2024 que avaliou os méritos que acreditaron as persoas aspirantes presentadas a este posto, na que propón ao sr. Alcalde designar a Rosa Durán Alborés e Francisco Javier Lores Fandiño como peóns para o programa de Mantemento e acondicionamento municipal e de zonas naturais, por ser os aspirantes que acadaron a maior puntuación.

Unha vez comprobada a documentación establecida na base duodécima das bases de selección presentada polos aspirantes propostos, Rosa Durán Alborés, con data do 13/06/2024, e Francisco Javier Lores Fandiño, con data do 14/06/2024, e sendo a mesma conforme.

Esta Alcaldía, en virtude do disposto no art. 21.1 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora da Lei de Bases de Réxime Local,

RESOLVO:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Primeiro: Nomear a Rosa Durán Alborés, con NIF ***6458**, como persoal laboral temporal para que realice as tarefas de peón no programa de Mantemento e acondicionamento municipal e de zonas naturais (subvencionado polo programa de subvencións a entidades locais para contratación temporal de persoas perceptoras da Risga, Expte. TR351F 2024/000022-1), ao 75% da xornada e baixo a modalidade de contrato de traballo vinculado a políticas activas de emprego. O contrato terá unha duración de 9 meses, dende o 18/06/2024 ata o 17/03/2025, ámbolos dous incluídos.

Segundo: Nomear a Francisco Javier Lores Fandiño, con NIF ***7159** como persoal laboral temporal para que realice as tarefas de peón no programa de Mantemento e acondicionamento municipal e de zonas naturais (subvencionado polo programa de subvencións a entidades locais para contratación temporal de persoas perceptoras da Risga, Expte. TR351F 2024/000022-1), ao 75% da xornada e baixo a modalidade de contrato de traballo vinculado a políticas activas de emprego. O contrato terá unha duración de 9 meses, dende o 25/06/2024 ata o 24/03/2025, ámbolos dous incluídos.

Terceiro: De acordo coa base 10.4 das bases de selección, esta resolución publicarase no Taboleiro de edictos do Concello e na sede electrónica municipal (<https://sede.laxe.es>) e substituirá ás notificacións individuais aos/as interesados/as, conforme ao disposto no art. 45 da Lei 39/2015.

Mándoo e asínoo, en Laxe na data da sinatura incluída á marxe, o alcalde, D. Francisco Charlín Oróns, do que eu como secretaria-interventora dou fe.

O alcalde,

Asdo.: Francisco Charlín Oróns

A secretaria-interventora

Asdo.: Begoña Carrasco García